

Follas do Cineclub de Compostela | 25 de xaneiro de 2012

Chaplin descoñecido. Os meus anos máis felices (Unknown Chaplin. My Happiest Years,
Kevin Brownlow e David Gill, Reino Unido, 1983, 52', VOSG)

TRÁTAOS CON COIDADADO

por Ana Gorria

Arqueoloxía do cine, propoñen Kevin Brownlow e David Gill, como fundamentación da súa mirada. Unha mirada capaz de revelar ángulos escuros, de iluminar -con escenas do cotián e documentos descoñecidos- a personalidade creadora. En *Unknown Chaplin*, un documental producido por Thames Televisión en 1983, ambos autores ofrecen unha nova lectura sobre o palimpsesto que nos deixou Chaplin, cuxa obra contén imaxes asentadas no imaxinario colectivo. Non se trata dun estudo sobre Charles Spenser Chaplin, o ser humano que coñeceu a miseria e a estreiteza moral durante a súa infancia e mocidade, senón sobre o artista que denunciou coas súas películas os aspectos máis absurdos da nosa propia existencia. Os autores do documental propoñen ampliar a nosa mirada, co obxectivo de acadar as reviravoltas da creación, aquelas que na maioría das obras de Chaplin o amosan sempre como un supervivente: dos tropezos, da adversidade, da fame...

A poeta canadense Ann Carson revelaba que o seu encontro cos textos de Safo provocáronlle a sensación de "atoparme perante un encantador espazo en branco arredor do que podemos imaxinar toda a experiencia da antigüidade flotando. Inalcanzable". Facer alcanzable o inalcanzable é o propósito que guía o documento que nos ofrecen Kevin Brownlow e David Gill, que ademais apóianse na voz de James Manson para guiaren o seu percorrido pola obra do autor de *Tempos Modernos (Modern Times, 1932)*.

Unknown Chaplin (Chaplin inédito) é un tesouro para todos aqueles que, dende a infancia, nos abraiamos vendo a alguén comer un zapato. Chaplin estaba a darnos a medida exacta

da fame, da iniquidade, da desgraza. Falar da súa obra obriga a ter en conta cómo aquel que coñeceu a miseria xa nunca puido esquecerla, nin sequera cando estaba asentado no cumio da prosperidade, e en adiante foi quen de exhibir en forma de comedia a traxedia do home moderno, como tamén o fixeron Bertold Brecht ou Ramón María del Valle-Inclán. Woody Allen afirmaba en *Delitos e faltas (Crimes and Misdemeanors, 1989)* que a comedia é traxedia máis tempo; Charles Chaplin sabíao dende moito antes e toda a súa obra xira arredor desa idea, que é a mesma que produciu a risa desencaixada do expresionismo.

Abonda con mirar un pouco máis alá da cinefilia para decatarse de que a voz de Chaplin sumouse -mentres Europa era castigada e azoutada- á dos artistas que souberon dar conta dos aspectos máis absurdos da existencia. Quen, cunha pouca pericia lectora, non recoñece a ironía d'A quimera do ouro (*The gold rush, 1925*), no artista da fame que describe Franz Kafka? Ou o berro esgazado de Tempos modernos no *Pierrot lunaire*, de Arnold Schönberg? Resulta imposible non escoitar os acordos da Ópera dos tres patacos¹, de Kurt Weill, na maioría das creacións de Chaplin.

Do entullo do mundo vitoriano, da resaca do mundo dickensiano, dos últimos estertores da novela por entregas e dos folletíns, xorde Charlot, un filósofo que segue a buscar un home nun tonel e que é quen de iluminar a nosa vida co seu sorriso.

As tres partes deste documental, coma faíscas que conseguiran seren resucitadas dun incendio, abordan a carreira creativa de

Charles Chaplin, nas súas etapas máis significativas. Tamén amplían as marxes da cámara, para amosar a minuciosidade e esixencia do director, que pasou á posteridade por lle dar vida a un pallaso melancólico, fillo lexítimo do Pierrot dos poetas simbolistas.

Na primeira parte, *My happiest years*, os autores centran a súa atención na eclosión cinematográfica de Chaplin na Meca do cine. Os seus filmes, que ían adquirindo progresivamente un maior grao de complexidade, empezaron a rodarse co apoio de grandes produtoras, coma Keystone Company, First National ou Mutual Film Corporation. O documental de Kevin Brownlow e David Gill céntrase, daquela, no proceso creativo de *The floorwalker* (1916) ou *The immigrant* (1917) para demostraren como o perfeccionismo de Chaplin se reflectía cada vez máis na composición das escenas. Cada vez interrompía, discutía e repetía un maior número de tomas.

As outras dúas partes redundan na tese que anima Unknown Chaplin dende un primeiro momento. As tomas falsas so gran director acompañan os diálogos e as entrevistas con aqueles que coñeceron de primeira man o traballo do autor d'A quimera do ouro. A memoria, o recordo e o testemuño entran en coalición, para nos devolver unha imaxe que se poida axustar aos trazos do xigante. A personalidade amósase en diante como algo que se constrúe non só a partir do que somos, senón tamén a partir da percepción que os demais teñen de nós. Isto último constitúe unha clave máis para chegar a comprender o talento artístico do cineasta británico. Imaxes d'*A quimera do ouro*, *O rapaz* (*The kid*, 1921) ou *Luces da cidade* (*City Lights*, 1931) dialogan, entran en interacción cos que máis preto estiveron de Chaplin, coma o seu fillo Sidney ou a súa segunda esposa Lita Grey; e cos testemuños de actores coma Jackie Coogan, Georgia Hale, Dean Reisner, ou Virginia Cherrill. O documental e a memoria atópanse subordinados aos mesmos límites: a experiencia infantil é rescatada pola idade adulta; Jackie Coogan tenta, dende a vellez, rescatar o neno que foi tempo atrás.

Na terceira parte, *Hidden treasures*, os autores expoñen un mundo de tomas falsas e gags que nos ensinan canto perfeccionismo hai no corpus de Chaplin. Vemos escenas de películas que ata hoxe descoñecemos, realizadas tras *O circo* (*The circus*, 1919) e Tempos modernos. Unha miscelánea de tomas véñse sumar á nosa comprensión da obra e do quefacer do cineasta.

Se tivese que escoller unha escena deste documental, quedaría con aquela en que observamos a Charles Spenser Chaplin, o real, acabado de espertar e auxiliado polo seu mordomo, que, ao prepararlle a roupa para se vestir, bota o traxe de Charlot a un lado, coma se fose o uniforme un mendigo calquera.

-Trátaos con coidado- di entón Chaplin, colocando os zapatóns e os pantalóns luídos sobre un coxín, consciente de que o seu personaxe sería o personaxe sobre o que a maioría de nós elaboraríamos as nosas quimeras, os nosos soños e a nosa esperanza. Un vagabundo triste e melancólico, o mito que chegaría a borrar as pegadas do home, pegadas que Brownlow e Gill reconstrúen no seu traballo de investigación.

Chaplin / Charlot, o poeta que – como Issa- continúa a nos dicir:

Non choredes, bichos,
que sofren desenganos
mesmo os astros

* *Texto tirado de Gorria, Ana. "Trátaos con coidado", en Rodríguez, Hilario J. (ed.) Elegías íntimas. Instantáneas de cineastas. Madrid: Documenta Madrid, Festival Internacional de documentales de Madrid- Ocho y Medio, 2008.*

Tradución: Lara Rozados

■ PROYECCIÓN

Entrada de balde | Bono-axuda: 1 euro

Mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21)
cineclubedecompostela@gmail.com
<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

■ ASOCIACIÓN

O Cineclub de Compostela tenta ser unha asociación autoxestionada.

Para manter o noso funcionamento, propoñemos unha aportación económica persoal:
Cota mensual traballadores/as: 5 e.
Cota mensual para estudantes e parados/as: 3 e.
Socios/as protectores/as: 75 e./ano